

**PREGUNTA 2. ELABORE UNHA COMPOSICIÓN HISTÓRICA A PARTIR DOS TEXTOS PROPOSTOS.**

Os seguintes textos deben permitirlle facer unha redacción sobre a crise da monarquía absoluta (abdicacións e ocupación napoleónica), tendo en conta os documentos e o seu contexto.

**TEXTO 1.** Amados vasallos: a vosa nobre axitación nestas circunstancias é unha nova testemuña que me asegura dos sentimentos de voso corazón; e eu, que como pai tenro vos amo, apresúrome a consolarvos na actual angustia que vos oprime. Respirade tranquilos: sabede que o exército do meu caro aliado o emperador dos franceses atravesará o meu reino con ideas de paz e de amizade. O seu obxectivo é trasladarse aos puntos que ameaza o risco dalgún desembarco do inimigo; e que a reunión dos corpos da miña garda [de Madrid a Aranjuez], nin ten o obxecto de defender a miña persoa nin acompañarme nunha viaxe que a malicia vos fixo supoñer como precisa. [...] Españóis: tranquilizade o voso espírito; conducídevos como ata aquí coas tropas do aliado do voso bo rei e veredes en breves días restablecerse a paz dos vosos corazóns e a min gozando o que o ceo me dispensa no seo da miña familia e do voso amor.

CARLOS IV. **Comunicado** [a don Pedro Ceballos, primeiro secretario de Estado e Despacho]. Aranjuez, 16-3-1808 [castelán]

**TEXTO 2.** Como os achaques de que adoezo non me permiten soportar por máis tempo o grande peso do goberno dos meus reinos, e cómpre para reparar a miña saúde, gozar dun clima máis temperado e da tranquilidade da vida privada, determinei despois da máis seria deliberación, abdicar a miña coroa no meu herdeiro e moi caro fillo o príncipe de Asturias. Polo tanto é a miña vontade que sexa recoñecido e obedecido como rei e señor natural de todos os meus reinos e dominios.

CARLOS IV. **Decreto de abdicación.** 19-3-1808 [castelán]

**TEXTO 3.** *Soldados: A poboación de Madrid sublevouse, e chegou ata o asasinato. Sei que os bos españois xeraron por estas desordes; estou moi lonxe de mesturarvos con aqueles miserables que non desexan máis que o crime e a pillaxe. Pero o sangue francés foi derramado; clama pola vinganza. En consecuencia mando o seguinte: (...) Art.II. Todos os que foron presos no alboroto e coas armas na man serán fusilados. Art.III. A Xunta de Estado vai desarmar os veciños de Madrid. Todos os habitantes e residentes, que despois da execución desta orde se encontrasen armados ou conservasen armas sen unha licenza especial, serán fusilados. (...) Art.V. Todo lugar onde sexa asasinado un francés, será queimado. (...) Art.VII. Os autores, vendedores e distribuidores de libelos impresos ou manuscritos, provocando á sedición, serán considerados como uns axentes de Inglaterra, e fusilados.*

Xaquín MURAT. **Orde do día.** Madrid, 2-5-1808 [castelán]